

## XUNTA DE COORDINACIÓN DO VALEDOR DO POBO, CELEBRADA O 8 DE FEBREIRO DE 2019

DATA: 8 de febreiro de 2019

HORA DE COMEZO: 09.30 h

HORA DE REMATE: 10.15 h

### ASISTENTES:

Dona Milagros María Otero Parga (valedora do pobo)  
Don Fernando Luis de Andrés Alonso (secretario xeral)  
Dona María Beatriz González Moreno (coordinadora xeral)  
Don Santiago González Serrano (xefe de servizo)  
Don José Ramón Cólera Leirado (técnico)  
Dona Nuria Palmero Sande (técnica)  
Don Jesús Salvador Fernández Moreda (técnico)  
Dona Isabel Alvite Menor (técnica)

### Orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta da última Xunta de Coordinación
- 2.- Estado das queixas e outros temas de actualidade
- 3.- Estudo da proposta de modificación normativa dun expediente de queixa
- 4.- Rogos e preguntas

### Deliberacións

- 1.- Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta da última Xunta de Coordinación

A acta é aprobada sen ningunha obxección.

- 2.- Estado das queixas e outros temas de actualidade

A valedora informa da entrevista con representantes da *asociación de pensionados y jubilados de Venezuela* e das queixas promovidas por eles. Informa tamén de que resolvéronse as promovidas por pensionistas que non cobran a súa pensión venezolana e que agora cobrarán o complemento a mínimos da Seguridade Social española.

A valedora informa da entrevista coa Federación de Xordos, que indicou que a TVG está a cumprir a recomendación aceptada relativa á ampliación da programación de informativos

con interpretación de lingua de signos, e plantexa a necesidade de ampliar o financiamento dos acompañamentos con intérprete de lingua de signos aos actos médicos nos que se atende a persoas con discapacidade auditiva, e que ese incremento debería correr a cargo da Consellería de Sanidade como complemento das axudas que xa se reciben da Consellería de Política Social.

### 3.- Estudo da proposta de modificación normativa dun expediente de queixa


A coordinadora xeral expón o contido do borrador da recomendación sobre o pagamento das taxas no caso de persoas que reciben o recoñecemento da discapacidade despois da matrícula e con solicitude previa á mesma (o borrador consta na convocatoria). Despois a valedora, o secretario xeral e o técnico Sr. Cólera manifestan o seu acordo co borrador.

### 4.- Rogos e preguntas

Sen contido

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario da Xunta de Coordinación,

Fernando de Andrés Alonso  
Secretario xeral



V. e Pr.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

